

PROBA TEÓRICA PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2018, POSTO DE CONDUTOR

SOLUCIONARIO

1 No Concello da Capela, quen é o competente para dirixir o goberno e a Administración?

- a) O Pleno da Corporación
- b) A Xunta de Goberno Local
- c) O Alcalde**

2 Cantos concelleiros componen a Corporación do Concello da Capela?

- a) Trece
- b) Once
- c) Nove**

3 En que se mide a intensidade da corrente eléctrica?

- a) Watios
- b) Amperios**
- c) Voltios

4 Entre os servizos mínimos obrigatorios a prestar en tódolos concellos e que presta o Concello da Capela está:

- a) Axuda no fogar á dependencia
- b) Protección civil
- c) Iluminación pública**

5 O primeiro que hai que facer no caso de electrocución é:

- a) Coller á vítima e retirala da corrente
- b) Chamar ao 112 para que veñan o máis axiña posible
- c) Cortar a corrente**

6 En materia de protección contra incendios que son os EPI?

- a) Os equipos de primeira intervención
- b) Os equipos de protección individual**
- c) Os equipos persoais imprescindibles

7 Cantos litros son 1 metro cúbico?

- a) 100 litros
- b) 1.000 litros**
- c) 10.000 litros

8 A sección dun cable mídese en:

- a) Milímetros (mm)
- b) Centímetros (cm)
- c) Milímetros cadrados (mm²)**

9 Quen representa aos traballadores en materia de prevención de riscos, no ámbito da provincia?

- a) Delegados de persoal
- b) Delegados de prevención**
- c) Técnicos de prevención

10. O contrato de traballo para a realización dunha obra ou servizo determinado, segundo o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores:

- a) Poderá celebrarse por escrito ou de palabra
- b) Deberá constar por escrito en todo caso**
- c) Deberá celebrarse coa conformidade do promotor da obra ou servizo

11 Ao manipular unha carga no traballo, deberemos:

- a) Manter as pernas rectas e baixar as costas
- b) Dobrar as costas mantendo as pernas rectas**
- c) Flexionar unha perna e as costas

12 No motor de explosión, debido á súa relación de comprensión:

- a) As presións medias de traballo son altas
- b) As presións medias de traballo son medianas
- c) As presións medias de traballo son baixas**

13 Os factores que inflúen sobre a falla de adherencia son:

- a) A velocidade de desprazamento, a presión de contacto e a temperatura
- b) A presión de contacto e a temperatura
- c) A velocidade de desprazamento e a presión de contacto**

14 Os caixóns deben pecharse por:

- a) Por estética
- b) Para evitar golpes e caídas**
- c) Non afecta ao tema de prevención de riscos

15 O centro de saúde da Capela está ubicado en:

- a) As Neves**
- b) Sande
- c) A Estoxa

16 Para que se precisen protectores auditivos no manexo da maquinaria o nivel de ruído establecido pola normativa é de:

- a) 60 db
- b) 70 db
- c) 80 db**

17 Cantos grupos políticos existen na Corporación do Concello da Capela?

- a) Tres**
- b) Cinco
- c) Catro

18 Con que concello dos seguintes limita o Concello da Capela?

- a) Vilasantar
- b) Pontedeume
- c) Neda**

19 Cal é a superficie do Concello da Capela?

- a) 59 Km²**
- b) 68 Km²
- c) 102 Km²

20 Que lugar dos seguintes está dentro do Parque Natural das Fragas do Eume?

- a) Vilar de Mouros
- b) Fornelos
- c) A Ribeira**

PREGUNTAS DE RESERVA

21 O Monte Forgoselo está na parroquia de:

- a) A Capela
- b) Cabalar
- c) Caaveiro**

22 A Lei de Prevención de Riscos Laborais regula:

- a) Os servizos de prevención e os requisitos mínimos das condicións de traballo**
- b) As indemnizacións a percibir polos traballadores no caso de accidente
- c) As sancións a aplicar ás empresas no caso de accidente

23 Qué é o par motor?

- a) É o momento de forza que exerce un motor sobre o eixe de transmisión da potencia**
- b) É a potencia dun motor
- c) É o número de CV dun motor